



Instrucións para o rexistro na plataforma online de Abertal para o asociamento e inscricións en actividades.

Antes de nada, indicar que se o que queremos é inscribir a menores de idade o noso cargo, a primeira persoa en rexistrarse debера ser un dos adultos responsables, e unha vez creada a conta dende o noso panel de usuario, poderanse engadir os destinatarios menores e invitar a unirse a nosa familia a outros adultos destinatarios e a outros titores da nosa familia.

Nun primeiro lugar debemos dirixirnos á seguinte páxina web: areaprivada.abertal.org

Unha vez nesa páxina web como aínda non temos usuario e contrasinal imos a sección, “Aínda non te rexistraches?” Seleccionamos “Rexistrarse” e na pantalla que se nos abre teremos que introducir o noso DNI e un correo electrónico.

Unha vez introducidos os dous datos correctamente chegaranos un e-mail cun enlace para rexistrarnos e elixir un contrasinal para a nosa conta. O nome de usuario da nosa conta sempre será o DNI coa letra en maiúscula.

Unha vez esteamos xa dentro da nosa conta, se somos novos usuarios, poderemos comezar a encher os datos na sección “A miña ficha” e, se os temos, ir engadindo os nosos destinatarios menores dende a sección co mesmo nome. Unha vez engadidos todos os destinatarios menores de idade podemos rexistrar a outras persoas maiores de idade da nosa familia a través da sección “Outros membros” e dende alí poderemos invitar a novos Titores e a outros destinatarios maiores de idade (fillos/as maiores...) Pedirásenos o seu e-mail e serán elas mesmas mediante un enlace que lles chegará ó correo electrónico as que terán que asociarse.

INSCRICIÓN EN MOVEMENTOS E ACTIVIDADES:

Se o que queremos e inscribirnos en algunha das actividades de abertal ou inscribir aos nosos fillos nas actividades de Abertal, debemos dirixirnos a sección “Actividades” e dende alí inscribilos nas actividades nas que están ou estas participando.

FACERSE SOCIO/A:

Se o que queremos é asociarnos, debemos ir a sección “Socios/as” e dende alí, se xa temos os datos mínimos requiridos, poderemos facer a solicitude de asociamento, que se completará unha vez se efectúe o pago nas oficinas de abertal. Se asociamos a máis dun membro da familia automaticamente asociaranse mediante unha única cota familiar.

Para calquera dúbida podes porte en contacto con nos por correo electrónico en: axudaplataforma@abertal.org

Un saúdo, O Equipo Coordinador de Abertal